

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión do vinte e seis de outubro de dous mil doce, aprobou a creación da Escola de Doutoramento Internacional, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a trece de novembro de dous mil doce, co visto e prace do sr. reitor.

Vº e prace  
O reitor

Juan J. Casares Long



## **CREACIÓN DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC**

O RD 99/2011 do 28 de xaneiro polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento contempla no artigo 9 a posibilidade de que as universidades poidan crear Escolas de Doutoramento segundo o que determinen os seus Estatutos, a normativa da Comunidade Autónoma e o propio RD 99/2011. Establécese as Escolas de Doutoramento como unidades creadas por unha ou varias universidades por sí mesmas ou en colaboración con outros organismos, centros, institucións e entidades con actividade de I+D+i, nacionais ou estranxeiras e que teñen por obxecto fundamental a organización dentro do seu ámbito de xestión do doutoramento nunha ou varias ramas de coñecemento ou de carácter interdisciplinar. Ademais indica que a súa creación deberá ser notificada ao Ministerio de Educación, Cultura e Deportes a efectos da súa inscrición no Rexistro de Universidades Centros e Títulos.

O Consello de Goberno do 25 de xuño de 2012 aproba o Regulamento dos estudos de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela (DOG de 29 de agosto de 2012) e a Normativa do Centro de Posgrao que recollen que a(s) escola(s) de doutoramento, baixo a coordinación do Centro de Posgrao, asume(n) a organización, planificación, xestión, supervisión e seguimento da oferta global de actividades propias do doutoramento na universidade, sendo a súa finalidade concibir un modelo de formación flexible, interdisciplinar e de calidade, orientado a potenciar as liñas de investigación de maior interese e proxección da universidade. Esta última normativa tamén sinala que que ao fronte de cada Escola estará un director/a que formará parte da Comisión de Doutoramento.

Por todo o anterior, e tendo en conta a estratexia da USC para os estudos de doutoramento faise necesaria a creación da Escola de Doutoramento Internacional (EDI) da USC, de acordo coas seguintes disposicións:

**PRIMEIRA.-** Créase a Escola de Doutoramento que se denominará ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL (EDI) da Universidade de Santiago (USC) conforme ao artigo 8 da Lei Orgánica de Universidades.

A citada creación faise por transformación da Escola de Doutoramento de “Ciencias Biomédicas e Tecnoloxías da saúde” (Biomedical Sciences and Health Technologies) creada polo Consello de Goberno do 19 de abril de 2010, antes da regulación das

Escolas de Doutoramento por norma estatal.

**SEGUNDA.-** Esta Escola terá como obxectivo principal a organización dos estudos de doutoramento en tódolos ámbitos de coñecemento. Integraranse nela tódolos programas de doutoramento renovados consonte ó RD 99/2011.

**TERCEIRA.-** Con carácter inicial, a EDI estará estruturada en tres ámbitos temáticos, recoñecéndose o ámbito das Ciencias Biomédicas e Tecnoloxías da Saúde, onde se integrarán os programas relacionados co Campus de Excelencia Internacional-Campus Vida, o ámbito das Ciencias Experimentais e Ensinanzas Técnicas e o ámbito das Ciencias Sociais, Xurídicas e Humanidades. En función da estratexia e novas necesidades da USC poderán incorporarse ou reaxustrarse ditos ámbitos temáticos iniciais.

**CUARTA.-** O Consello de Goberno aprobará a adscrición á Escola dos novos programas de doutoramento, previo informe da propia Escola e da Comisión de Doutoramento.

O Consello de Goberno aprobará, así mesmo, a participación na Escola doutras universidades, institutos de investigación, institucións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras que teñan actividades e I+D+i no ámbito da Escola. As condicións de participación plasmaranse nun convenio de colaboración que tamén deberá ser aprobado polo Consello de Goberno.

**QUINTA.-** No goberno e xestión da Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago (EDI-USC) participan órganos de goberno colexiados e individuais. Os órganos colexiados son o Comité de Dirección e a Comisión Executiva. Os órganos individuais son o director/a e o/a secretario/a. Ademais, e con carácter consultivo, contará cun Comité Asesor Internacional.

**SEXTA.-** A Escola rexerese por un regulamento de réxime interno que aprobará o Consello de Goberno.

Este regulamento deberá contemplar:

- A estrutura organizativa e de funcionamento dos órganos da Escola
- As funcións e dereitos e deberes dos membros da Escola: investigadores en formación (de conformidade co establecido no Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario), titores, directores, etc., así como a composición e funcións das comisións

académicas dos seus programas.

- O procedemento de decisión sobre a aprobación de proxectos de tese, así como da asignación de titores e/ou directores aos doutorandos.
- O procedemento de rexistro do control das actividades de dirección, titoría e investigación.
- Os sistemas de formación da Escola, de seguimento da formación dos investigadores en formación e dos requisitos necesarios para presentar as teses.

**SÉTIMA.-** A Escola contará cun código de boas prácticas que deberán subscribir todos os integrantes da mesma.

**OITAVA.-** A Escola contará cun Sistema de Garantía Interna da Calidade para propiciar a mellora continua nos estudos de doutoramento, permitindo un nivel de calidade que facilite a súa acreditación e mantemento da mesma.

**NOVENA.-** A Escola poderá contar con recursos humanos e materiais propios, que lle permitan o cumprimento dos seus obxectivos, contando co apoio dos recursos do CPG onde se integra.